

Xosé Manuel Martínez Oca é un narrador de tan longa coma sorprendente traxectoria. Afeito a lidar cos máis dispares retos literarios, ten o bo gusto de non se repetir nunca, polo que cada historia súa que vai vendo a luz é, no máis pleno sentido, nova.

Así acontece coa súa última aventura narrativa, *O vicio nefando*, longo texto de máis de trescentas páxinas que se abre cunha reveladora cita de E. M. Cioran sobre o oficio literario e as súas miserias.

E diso trata –máis ben re-trata– esta novela, da profesión da escrita, que é a aposta de vida laboral pola que decide optar o seu protagonista, Cosme Damián Ferro Barreiro, autor casual que, impelido pola súa circunstancia de opositor fracasado, resolve acabar concentrando os seus esforzos na creación verbal.

O resultado desta peripécia é unha novela na que o narrador omnisciente –para min tan semellante en ocasións ao propio autor– vai destacando todo o que de pouco nobre e menos admirable se cove no *backstage* literario galego: a adoración do becerro das nosas editoras, o carácter voluble de certos xurados literarios, a opinión papaventos de parte da crítica, os conventículos auto-

riais e lobbys ideolóxicos e aínda as insufribles xuntanzas e actos sociais que o mundo das letras organiza. Mesmo hai espazo para a autocrítica en forma de sardónica burla a ese endeusamento dos autores que, sexa cal for a súa obxectiva valía literaria, acaban sempre por crese un imprescindible Shakespeare, un incomparable Pessoa ou un prodixioso Cervantes.

Para os máis familiarizados coa nosa intrahistoria literaria *O vicio nefando* pode ofrecer un outro aliciente: o de ser lido como un *roman à clef*. Deste xeito, os que así queiran repasalo talvez logren facer casar datos e actitudes con persoeiros e personaxes reais do noso mundo li-

O vicio da escrita

Un roman à clef

ARMANDO REQUEIXO



terario, máis baixo unha aparencia convenientemente maquillada –incluso se cadra cotelizada fundindo trazos de varios seres para crear un novo–, de maneira que ninguén ha poder ofenderse porque se cadra es-

tes retratos o son de múltiples persoas e ao mellor de ben poucas ou ningunha en concreto.

Logo do dito comprenderase ben que para erguer este edificio novelístico a argamasa da que se serviu Martínez Oca fose sen dúbida o humor, moitas veces sarcástico, paródico case sempre e hilarante e oco-
rente decote.

Cómpre non deixarse enganar polo envoltorio. Este texto do escritor da Estrada agocha moito máis do que parece, pois quen camiñe ao seu son descubrirá nel unha crítica fonda e radical á nosa sociedade, cos seus falsos logros, a súa frivolidade e culto ao mediático, a rendición incondicional ao mercantil e material e, sobre todo, a **instauración dun novo mandamento que ameaza**

con facernos perder o norte definitivamente: todo vale porque todo é “cultura”. Lean para vacinarse contra tan velenosa gripe.

MARTÍNEZ OCA, X.M., *O vicio nefando*, Ed. Baía, A Coruña, 2009, 17,31 €